



Edificio municipal de usos administrativos  
Avda. da Mariña, 25  
15160 Sada (A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274  
<https://sede.sada.gal>

## MEMORIA XUSTIFICATIVA

### CONTRATACIÓN DO SERVIZO ACTIVIDADES NAS PARROQUIAS DE SADA

#### 1. Necesidade do contrato

Dentro das competencias asumidas pola Concellería de Turismo, Promoción económica e Participación Cidadá atópase a de fomentar a actividade veciñal a través dos centros sociais. Isto inclúe a posta en marcha de iniciativas encamiñadas a programar actividades de proximidade nas parroquias, facilitando así que a veciñanza poida desfrutar nos seus propios centros culturais das actividades deportivas e de lecer obxecto desta contratación.

O Concello non dispón de empregadas/os no seu cadro de persoal coas funcións ou cualificacións necesarias para cubrir a execución do servizo.

#### 2. Obxecto e idoneidade do contrato

O presente contrato ten como obxecto a xestión da organización e realización de actividades físico-deportivas (pilates, zumba e ioga) mediante un programa de calidade que responda á demanda dos usuarios co obxecto de proporcionar aos veciños das parroquias de Sada a práctica de actividades para mellorar a saúde e calidade de vida.

**CPV:** Servizos de benestar físico: 98334000-3.

A empresa adjudicataria prestará, a través dos servizos requiridos, o desenvolvemento das actividades nas instalacións municipais das parroquias.

#### 3. Duración do contrato

A prestación do servizo comezará o 01/10/2024 (ou o día que se sinala no acordo de adjudicación do contrato, se este é posterior ao 1 de outubro), e rematará o 30/06/2025.

Poderá prorrogarse o contrato unha anualidade máis, na que a prestación comezaría o 01/10/2025 e remataría o 30/06/2026.

Non obstante, non se prestará o servizo nos períodos de Nadal (do 24 de decembro ata o 6 de xaneiro), Antroido (luns a mércores), nin Semana Santa (semana completa).

#### 4. Análise técnica. As propostas que se presenten deberán cumprir coas seguintes consideracións:

- Aportar o equipo de persoal de monitorado con cualificación axeitada para atender as necesidades requiridas na realización das actividades programadas.
- A empresa cumprirá cos requisitos legais vixentes en materia de contratación laboral.
- A empresa contará con seguro de accidentes e de responsabilidade civil axeitado para dar cumprimento ás actividades realizadas.
- Cumprimento do calendario de realización de actividades establecido pola concellería de Turismo, Promoción Económica e Participación Cidadá.
- O persoal adscrito ao programa deberá estar convenientemente formado, capacitado e con experiencia acreditada na realización das actividades propostas valorándose que sexa persoal con titulación.



Edificio municipal de usos administrativos  
Avda. da Mariña, 25  
15160 Sada (A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274  
<https://sede.sada.gal>

## 5. Análise Económica

Segundo se recolle no IV Convenio estatal de instalacións deportivas (BOE, Resolución do 29 de maio de 2018), o persoal adscrito ao programa (monitores) sería o que corresponde co grupo 3, nivel 1: "coordinador fitness, actividades aeróbicas, de piscina, de raqueta, de clases colectivas, de mantemento de instalacións, oficial administrativo 1.ª, oficial de 1.ª de mantemento de instalacións, coordinador recepción".

No ano 2023 actualizáronse as táboas salariais do Convenio. Para o cálculo de custos da presente licitación empréganse as táboas salariais correspondentes ao ano 2025:

ACTIVIDADES DEPORTIVAS	
Salario base anual	17.377,99 €
Substitucións (6%)	1.042,68 €
Vacacións: (9%)	1.564,02 €
Formación: (6%)	1.042,68 €
Plus transporte (segundo convenio: 3,00 € x 4 semanas x 8 meses)	96,00 €
<b>Subtotal custos salariais</b>	<b>21.123,37 €</b>
Seguridade Social (36%)	7.604,41 €
<b>Total custos persoal ano completo</b>	<b>28.727,78 €</b>
Horas anuais por convenio	1751
<b>Custo persoal unitario (€/h)</b>	<b>16,41 €</b>

O presuposto anual da licitación, considerando 30 horas a semana, 30 semanas de período activo de prestación, sería:

ACTIVIDADES DEPORTIVAS				
CONCEPTO	CUSTO/HORA	HORAS/SEMANA	SEMANAS	IMPORTE
CUSTOS PERSOAL	16,41 €	30	39	19.195,60 €
SEGUROS, IMPOSTOS, HONORARIOS PROFESIONAIS				800,00 €
MATERIAIS PARA AS ACTIVIDADES				500,00 €
<b>SUBTOTAL CUSTOS DIRECTOS</b>				<b>20.495,60 €</b>
CUSTOS INDIRECTOS E GASTOS XERAIS (13 %)				2.664,43 €
BENEFICIO INDUSTRIAL (6%)				1.229,74 €
<b>IMPORTE ANUAL BASE</b>				<b>24.389,77 €</b>
IVE 21%				5.121,85 €
<b>ORZAMENTO MÁXIMO ANUAL LICITACIÓN (IVE incluído)</b>				<b>29.511,62 €</b>
Horas licitación				1170
<b>IMPORTE UNITARIO LICITACIÓN (IVE inc.)</b>				<b>25,22 €</b>

**Presuposto Base de Licitación máximo: 29.511,62 €**

**Valor estimado (IVE exc.) = 24.389,77 € x 2 anos = 48.779,54 €**

## 6. Cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Considérase cumprida a xustificación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira que esixe o artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012 do 27 de abril, unha vez que non se trata de novas necesidades senón da continuidade das mesmas previstas xa orzamentariamente en anos anteriores, debendo tramitarse procedemento de licitación.



Edificio municipal de usos administrativos  
Avda. da Mariña, 25  
15160 Sada (A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274  
<https://sede.sada.gal>

## 7. Cualificación do contrato e elección do procedemento de adxudicación.

**7.1.** O presente contrato cualifícase como contrato administrativo para a prestación dun servizo.

**7.2.** A contratación rexerese polo procedemento **aberto simplificado sumario** e tramitación ordinaria. Xustifícase a elección deste procedemento, en relación ás condicións establecidas no artigo 159.6: trátase dun contrato de servizos cun valor estimado inferior a 60.000 euros, e os criterios de adxudicación son obxectivos.

**7.3.** Prazo para a presentación de solicitudes: **10 días hábiles**. Este prazo coincide co mínimo establecido no artigo 159.6 da LCSP para un contrato de servizos que utilice o procedemento aberto simplificado sumario, xa que non se considera que a preparación das ofertas teña especial complexidade.

## 8. Criterios de adxudicación.

Nesta licitación empregaranse criterios de adxudicación obxectivos que se detallarán no prego de cláusulas administrativas particulares.

En Sada, na data da sinatura dixital

O Alcalde, Óscar Benito Portela Fernández